



Salario digno

Emprego estable

**Recuperación de
dereitos sociais**

Salario digno / Emprego estable / Recuperación de dereitos sociais

MELLOR EMPREGO, SALARIOS DIGNOS E DEREITOS SOCIAIS

Damos un paso máis

As mobilizacións, iniciadas en decembro e que proseguiron o 19 e 22 de febreiro, continúan o 23 de marzo cunha nova xornada de loita e reivindicación.

NOS CENTROS DE TRABALLO de todo o país, reclamaremos EMPREGO, SALARIOS DIGNOS E A RECUPERACIÓN DE DEREITOS SOCIAIS.

Levamos tres anos de crecemento económico. As previsións para os próximos din que seguirá a tendencia.

Incrementátase o beneficio empresarial.

Por que as melloras non chegan ás familias traballadoras?

Os problemas creados polos recortes non se corríxen, ao contrario, agrávanse. Aumentan a precariedade laboral, as desigualdades e a pobreza. Non se percibe vontade política para revertir esta situación. O diálogo social bipartito e tripartito non avanza.

Goberno e organizacións empresariais, coa súa inacción e co goteo continuo de actuacións regresivas, pretenden que a clase traballadora siga perdendo rendas e calidade de vida. Queremos diálogo social, pero a súa falta de implicación e compromiso lévanos á mobilización para avanzar na defensa dos dereitos dos traballadores e traballadoras.

Mobilizámonos polos dereitos e as liberdades cidadás

- Hai que subir salarios para garantir o poder de compra das familias.
- Hai que derogar as reformas laborais que descompuxeron o noso mercado de traballo e outorgaron un poder desmesurado aos empresarios na negociación colectiva.
- Hai que restablecer a prioridade do convenio sectorial como mellor garantía para defender as condicións de traballo das persoas asalariadas.
- Hai que aumentar as pensións conforme ao IPC para que os pensionistas non continúen perdendo poder adquisitivo.
- Hai que recuperar os dereitos sociais e laborais arrebatados aos traballadores e ás traballadoras nos últimos anos.

Os recortes dos servizos públicos esenciais, das prestacións sociais, da sanidade, a educación e as pensións, por exemplo, aféctannos a todos e a todas e non poden illarse do que está sucedendo nas empresas, onde aumenta a precariedade do emprego, os salarios baixan e perden poder adquisitivo e atácase os dereitos laborais.

Sobran razóns para a mobilización. O 23 de marzo convocamos asembleas informativas nos centros de traballo, concentracións e paros nas grandes empresas...

Dicimos si a negociar. Dicimos si a mellorar os salarios. Dicimos si a máis e mellor emprego. Dicimos si a traballos dignos. Dicimos si a repartir o crecemento. Dicimos si porque é de xustiza.

Stop á avaricia empresarial. Mobilízate!!!

#árúa23M

#árúa23M

#alacalle23M

